

## IES AS TELLEIRAS/ MATERIA PENDENTE- Presentación da materia

<b>Materia</b>	<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<b>Páx</b>	<b>1</b>
<b>Curso</b>	<b>Pendientes de 1º ESO</b>		
<b>Profesorado responsable</b>	<b>Carmen Lamas Montero</b>		

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

<b>1º EXAME</b>
<p><b>Bloque 1 e 2 (Comprensión oral e escrita):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación: elementos da comunicación, comunicación oral e escrita.</li> <li>- Tipos de textos segundo a forma, a intención e o ámbito de uso.</li> <li>- A linguaxe e as linguas: a lingua e as súas variedades, realidade plurilingüe de España, os prexuízos lingüísticos.</li> </ul> <p><b>Bloque 3 (Coñecemento da lingua):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Gramática: Mecanismos de formación de palabras: a derivación e composición. O substantivo, adxectivo.</li> <li>- Semántica: As relacións semánticas: sinónimos, antónimos, hiperónimos e hipónimos.</li> <li>- Ortografía: Acentuación. Uso de signos de puntuación. G/J</li> </ul> <p><b>Bloque 4 (Educación literaria):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A comunicación literaria, literatura oral e escrita, os xéneros literarios. Recursos literarios.</li> </ul>
<b>2º EXAME</b>
<p><b>Bloque 1 e 2 (Comprensión oral e escrita):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Textos segundo o ámbito de uso. Textos narrativos e descritivos. Textos dos medios de comunicación.</li> </ul> <p><b>Bloque 3 (Coñecemento da lingua):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Gramática: O verbo. Adxectivos determinativos e pronomes. As palabras invariables: adverbios, preposicións e conxuncións.</li> <li>- Semántica: Campo semántico, campo asociativo e familia de palabras.</li> <li>- Ortografía: B/V, H.</li> </ul> <p><b>Bloque 4 (Educación literaria):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A narración literaria: subxéneros narrativos. A descrición literaria. O xénero lírico: temas e métrica.</li> </ul>

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

#### A) INSTRUMENTOS:

- Fichas con teoría e práctica
- Exames.

<b>Materia</b>	<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<b>Páx</b>	<b>2</b>
<b>Curso</b>	<b>Pendientes de 1º ESO</b>		
<b>Profesorado responsable</b>	<b>Carmen Lamas Montero</b>		

**B) CRITERIOS:**

**Fichas: 40%**

Semanalmente o profesorado que imparte clase en 2º ESO entregará unha ou dúas fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, devolveranse corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

**Exames: 60%**

Ao longo do curso deberán facer dous exames (parciais) que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota do traballo semanal (fichas) e a nota do exame.

De non ser así, terán que presentarse a un exame final de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.